

# A presencia da institución libre de enseñanza en Betanzos

ANTON COSTA RICO\*

## A MODO INTRODUCTORIO

Con título un chisco provocativo queremos con brevidade chamar a atención nestas notas para algunas das iniciativas culturais-educativas desenvoltas na historia de Betanzos, entremedias do pasado e do presente século.

Está aínda por construir a historia escolar e das institucións educativas da cidade, ben que podamos contar actualmente con diversas anotacións-aportacións (1), ás que se quere sumar a presente.

Non témo-la intención de ofrecer novos datos sobre as institucións puladas polos Hirmáns García Naveira, ás que nos referimos noutro momento (2) facendo a hipótese da súa influenciación pedagóxica pola "Institución Libre de Enseñanza" (ILE), á vista das disposicións reglamentarias (3), parcialmente aliñadas cos plantexamentos da "Institución"; nin tampouco sobre o vello Colexio de Teoloxía e Artes, nin menos sobre o ensino primario público, de seguro en estado calamitoso.

Sí, en cambio, queremos sinalar a existencia de centros escolares debidos á iniciativa privada e municipal, seguindo unha tendencia xeneralizada a outras cidades e vilas, como indicio tanto dunhas necesidades culturais e dunha demanda educativa non atendida polos centros estatais nos seus aspectos cuantitativos e de postos escolares, como da non resposta á diversidade de necesidades culturais que se comenzaba a plantear nun espacio social que no tempo indicado encetaba a súa diversificación, por mor dos acenos de movilidade social que rachaban os esquemas sociais tradicionais.

## ENSINO PRIVADO EN BETANZOS

Esquemáticamente, podemos sinalar en Betanzos, entre 1881 e 1910 (4), a existencia dos seguintes centros privados: do colexio "Isabel la Católica" de primeiro e

\* Antón Costa Rico é profesor da Facultade de Pedagogía e Ciencias da Educación da Universidade de Santiago. E autor de diversos libros e traballos sobre a educación en Galicia...

(1) Así, Rodríguez Crespo e De la Fuente García abordaron o estudo das iniciativas impulsadas polos Hirmáns García Naveira, aos que tamén se referiron nun traballo máis recén sobre o "Pasatempo" José Sousa e outros; Brais da Bouza na súa ampla e interesante monografía sobre "Betanzos" publicada na *Gran Enciclopedia Gallega* refírese ao vello Colexio de Teoloxía e Artes e anota a presencia de duas cabeceiras de prensa, *La Enseñanza Brigantina* e *El Eco de la Infancia*; pola súa parte, X. Torres Regueiro no seu ben construído traballo sobre Viqueira case nos permite ollar a Giner e a Cossío de paso nas tardíñas de verán, ás veces en compañía dalgún profesor da zona. Con todo, carécese hoxe áfonda dunha investigación sistemática sobre a educación en Betanzos.

(2) COSTA RICO, A., *Aproximación a la historia de la enseñanza primaria en la Galicia del primer tercio del siglo XX*, Tese de Doutoramento, Universidade de Salamanca, 1982, 1300pp.

(3) Cfr. *Reglamento de las Escuelas García Naveira*, Betanzos, Imp. de M. Villuendas, 1915.

(4) Segundo consta no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Os datos proceden de varios expedientes existentes nos Legaxos 229,230 e 231 da Serie Histórica.

segundo ensino (5), do colexio dirixido por D. Ramón Sanjurjo (6), do "Colegio Josefinc" para nenas (7), da escola gratuita para párvulos sita no Hospital do Santo Antonio de Pádua (8), do "Colegio Brigantino" dirixido por Francisco Javier Martínez Santiso (9) e do "Colegio Privado de Segunda Enseñanza" dirixido por D. Joaquín García

De entre todo eles, fixaremos a atención no "Colegio Privado de Segunda Enseñanza" e no "Colegio Brigantino". Todo dá a indicar que se trata, en particular no primeiro caso, de empresas educativas co selo da ILE (11). Sendo así, por outra parte, cando o neno de doce anos X.V. Viqueira se traslada a Madrid en 1898 para continua-los estudos de segundo ensino na sede da ILE ("estudios que ao parecer tiña escomenzado no colexio de segundo ensino de Betanzos"-sic-, segundo sinalou Torres Régueiro) xa iría pedagoxicamente educado en sintonía e sen rupturas cos modos e orientacións da súa posterior formación.

#### O "COLEGIO PRIVADO DE SEGUNDA ENSEÑANZA"

No Colexio impartíanse os estudos de bacharelato coa súa longa lista de asignaturas (desde a "Técnica Industrial", pasando polo "Francés" a "Xeometría", a "Ximnasia", ata a "Historia Natural", totalizando 28 disciplinas) a cargo dos profesores García Sanchez -o director do Centro-, F. de León y Robledo, Darío Caramés Ruza, Marcial M. de la Iglesia -director do colexio "Isabel la Católica"- e Javier Martínez Santiso -director tamén él a partir de 1910 do "Colegio Brigantino", nun espacio de catro aulas, xardín e gabinetes.

O Colexio dispunha dun relativamente abondante material de ensino entre o que hai que sinalar: mapas de España xeográfico e histórico e dos diversos continentes, globo terráqueo, sistema de Copérnico, cadre de pesas, medidas e moedas, caixa de sólidos, un estuche de mineraloxista, abundantes minerais, unha caixa con sustancias volcánicas, colección de cen fósiles, froitos, madeiras e resinas exóticas, zoofitos, animais desecados en número próximo a cuarenta, colección de cunchas (250), colección de cen insectos clasificados, un esquelete, caixa con 75 frascos de productos químicos, unha cuba hidroneumática, unha cámara fotográfica, un telégrafo, e outros citados no "Catálogo de Material Científico" que se acompaña.

Tal riqueza de material, en especial do seu Museo de Historia Natural e da sección de Mineraloxía, acompañado dun equipamento mobiliario ("mesas, y bancos, expresión de los últimos adelantos pedagógicos") e dunha Biblioteca de 500 volumes ("donde los

(5) O Colegio Isabel la Católica existiu desde o inicio dos anos noventa e ata a data de 1903 en que o seu director Marcial M. de la Iglesia y Vázquez o trasladou coa mesma denominación á cidade da Coruña. Marcial M. de la Iglesia, nado en Santiago en 1862, fixo estudos relixiosos e logo realizou a reválida para a obtención do título de Maxisterio na Escola Normal de Lugo en 1889, sendo nesta cidade onde con motivo da Exposición Rexional organizada en 1896 recibirá diploma e mención por dous traballos pedagógicos ali presentados. Xa na Coruña foi un dos cuarenta primeiros académicos da Real Academia Gallega.

(6) Só temos a referencia.

(7) Existiu na rua Travesa, nº 4.

(8) Colexio de párvulos que aparece rexistrado en 1906, administrado polas "Siervas de María".

(9) O "Colegio Brigantino", sito na R. Sanchez Bregua, 5, foi iniciativa do dinamizador cultural F. Javier Martínez Santiso, a partir de 1910.

(10) O "Colegio Privado de Segunda Enseñanza", existente desde 1881, aparece dirixido en 1902 polo Doctor en Menciña e Ciruxía D. Joaquín E. García Sanchez, nado na vila de Betanzos, estando instalado no edificio "Palacio Avelino". O Colexio ven ser a sección principal do "Centro Instructivo Municipal", patrocinado polo Concello e formado por unha sociedade de profesores, tendo ao seu cargo, segundo se indica no art. 2º do seu Regulamento, "la enseñanza de las asignaturas de Bachillerato, constituyendo el Colegio Privado de Segunda Enseñanza de Betanzos, incorporado a ser posible al Instituto Oficial correspondiente".

(11) Sen embargo, non hai referencias historiográficas ao respecto. Nin A. Jiménez Landi nos seus estudos sobre a ILE en toda España nin Porto Ucha na súa contribución referida á ILE en Galicia mencionan nin os colexios, nin os seus profesores.

alumnos pueden consultar las obras principales de nuestros clásicos, así como las referencias a ciencias y artes, estudiar puntos determinados y fomentar la afición al saber"), completábase cunha activa implicación do profesorado, significada na súa actitude de "valerse siempre que es posible de los objetos de la naturaleza que están a su alcance, por medio de excursiones, herbarios, etc. y de poner a disposición de los alumnos el material con que particularmente cuentan".

Noutra orde de cousas, o Centro admitía alumnos de ámbolos dous sexos desde "la mas absoluta garantía de la delicadeza y moralidad en el trato que pudiera haber entre ellos", e promovía un ensino intuitivo, a investigación científica, a observación, os exercicios de aplicación, do modo en que se indica no seu Regulamento:

*Art.49. Siendo la enseñanza intuitiva se hará tomar parte al alumno en la investigación científica, acostumbrándole a la observación.*

*Como ampliación del método activo se pondrán en práctica las excursiones, visitando fábricas, escuelas, talleres, etc., haciendo ejercicios de aplicación de los conocimientos adquiridos, midiendo terrenos, levantando planos, recogiendo y clasificando ya productos naturales, ya industriales.*

*Art.50. Se procurará además que los señores alumnos, y aún los profesores para dar ejemplo, construyan por si mismos algún aparato, dibujen alguna carta o saquen de algún modo cierto provecho de sus ejercicios prácticos, haciendo aplicación de los conocimientos teóricos adquiridos.*

Extraordinarios son istos plantexamentos.

Toda esta concepción metodoloxica e procedimental para a formación dos suxetos, comasi a importancia concedida á dotación de medios didácticos, desprendíase efectivamente dunha particular concepción da natureza humana e da educación, próxima, senón inspirada, polo krausismo e polas concepcións da natureza humana e da educación coas que Giner de los Ríos imantou o nacemento e o desenvolvemento da ILE. Tais concepcións son do seguinte modo sinaladas polo Director do Colexio no seu escrito titulado "Del método", que pasamos a transcribir:

### Del método

*El profesorado procura emplear el método activo en todas las enseñanzas. El esfuerzo interior del educando se cree un factor indispensable para obtener un resultado favorable en la educación y cultura del mismo. En consonancia con esto se procura que el alumno se interese en la obra de su mejoramiento y convencido del supremo interés de la labor educativa, ponga cuanto esté de su parte en el desenvolvimiento y perfección de sus facultades psicofísicas.*

*Para conseguir este resultado húyese, cuanto es buenamente posible, de toda enseñanza dogmática, mecánica y verbalista que, matando toda espontaneidad en el educando y privándole del goce que su cooperación interior y reflexiva ha necesariamente de producirle, da por resultado una instrucción más bien de palabras que de ideas, a las cuales corresponda algo real y positivo en la naturaleza, y a una educación que tienda mas bien a confundirse con una urbanidad sin raíces, que a ser una verdadera perfección del espíritu, la formación del carácter y la creación del ideal que ha de elevar la vida presente, preparación de la futura.*

*Por lo demás, la intuición, tan justamente preconizada desde Pestalozzi, representa un papel muy interesante en el modo de dar la enseñanza. Hacer que los alumnos observen la naturaleza y las cosas, con preferencia a los signos que las representan; que trabajen y ejecuten todo aquello, que no esté exclusivamente reducido al campo de la teoría, que discurran sobre los datos adquiridos y formulen su pensamiento*

*luego, bien de palabra, ya por escrito, variando progresivamente el círculo de las ideas, es la tendencia general del profesorado, que procura emplear con preferencia la forma socrática de enseñanza, sin desdeñar por eso la meramente expositiva, aunque en forma de conversación familiar más bien que de discurso dirigido como de ordinario a una multitud anónima.*

*A esta idea general que preside en toda enseñanza, se subordinan los procedimientos variados que es necesario luego adoptar en la transmisión de cada orden de conocimientos, en relación con la naturaleza de las ideas que los forman y la trazón lógica de los mismos, por una parte, y del conocimiento particular de los alumnos en cada caso y de la marcha del desenvolvimiento de la naturaleza humana, de la otra.*

Joaquín E. García Sánchez

O paralelismo coas concepcións da ILE son evidentes, sendo a hipótese máis plausibel a da inspiración e a da influencia da ILE e se cadría do mesmo Giner ou de Cossío, a través da súa directa presencia nas terras betanceiras.

No conxunto dos plantexamentos obsérvase a defensa do ensino intuitivo e integral, da coeducación, das excursións, dunha educación moral e dunha nova relixiosidade, das metodoloxías activas e antimemoristas, da investigación científica frente ao dogmatismo, da libertade da ciencia, da tolerancia,... que son en suma e entre outros os plantexamentos da ILE. Fermo certamente e digno dunha investigación acalmada á que invitamos.

De índole similar, anque dotada dun menor impulso, se presenta -polo que sabemos- a experiencia do "Colegio Brigantino", baixo a dirección de Francisco Javier Martínez Santiso. O Centro de ensino primario elemental completo segue, desde o punto de vista da metodoloxía pedagóxica, similares plantexamentos tal é como o seu director reflexa:

*Síguese en todo lo posible el método activo, procurando que el alumno tenga interés en la obra de su educación y perfeccionamiento. Recházase lo dogmático, mecánico y verbal o rutinario, haciendo que los niños adquieran ideas claras y precisas por si mismos y con un ejercicio progresivo que aprendan a expresarlas con verdad y sencillez. El profesor emplea la intuición como el medio más directo de aprendizaje y el interés como acicate para la adquisición de conocimientos. Los principios de la moral cristiana no expuestos con discursos, sinó con sencillos ejemplos y sobre todo la constante práctica de los hábitos buenos son los factores de la educación.*

*No se olvidan aquellas prácticas especialmente propias de cada materia de enseñanza en cuanto a la instrucción; ni en lo que a la educación se refiere tampoco el conocimiento en particular de cada alumno.*

Son moitas as suxerencias que fan avoiar estes textos e datos coñecidos: por exemplo, ¿continuaba aberto en 1910 e anos posteriores o "Colegio de Segunda Enseñanza", podéndole servir de antesea o "Colegio Brigantino"?; ¿pódense descobrir lazos e conexións explícitas entre estas experiencias e a ILE?; ¿de que modo quedaron culturalmente marcados os alumnos asistentes a estes centros?; ¿que relacións se puideron establecer coas Escolas García Naveira?. Coma este, outros interrogantes están a agardar unha resposta cumplida, que non dubido será dada.

COLEGIO PRIVADO  
DE SEGUNDA ENSEÑANZA.  
BETANZOS.

Catálogo del Material Científico.

Geografía

- Un mapa de Europa por Balusie, de 145 x 117 centímetros.  
Otro idem de Europa por el mismo, de 115 x 140 id.  
Otro idem de Asia por el mismo, de 115 x 140 id.  
Otro idem de África por el mismo, de 115 x 140 id.  
Otro idem de América por el mismo, de 140 x 115 id.  
Otro idem de Europa, edición Calleja, de 100 x 150 id.  
Otro idem de España, id id, de 100 x 150 id.  
Otro idem de África, id Dassay.  
Otro idem de Asia, id id  
Mapa mundi por Molés , de 120 x 175 id  
Globo terráqueo , de 33 centímetros de diámetro  
Esfera armilar , de id id de id  
Sistema de Copérnico , de id id de id

Historia.

- Mapa mural de la Historia de España por Costas.

Matemáticas.

- Cuadro de pesas, medidas y monedas  
Una caja completa de sólidos  
Alta compás de boj y puntas de latón  
Tres reglas, una cuadra y un transportador de madera.

Historia Natural, Fisiología e Higiene

- Un estudio completo de mineralogista.  
Un goniómetro

Diez especies de minerales que representan la escala de dureza.  
Cincuenta noventa y una especies de minerales sin clasificar

Seis especies de minerales

Una caja con varios ejemplares de sustancias volcánicas  
Colección de cien fósiles

Varios trozos de leño de árboles exóticos

Diez especies de fruta exótica

Varias clases de resinas exóticas.

Colcción de doce zoófitos  
Nueve ejemplares de zoófitos  
Colección de cinco mamíferos disecados  
Idem de quince aves id  
Idem de seis reptiles id  
Idem de diez peces id  
Una sierra del pescado su nombre  
Un espaldar de tortuga de gran tamaño  
Una espada del pescado su nombre  
Un pescado lobobranquio.  
Colección de cien conchas de especies diferentes, clasificadas  
Ciento cinco especies de conchas  
Cuarenta y cuatro especies de conchas  
Un anelido  
Colección de cien insectos, clasificados.  
Un esqueleto humano articulado  
Un ojo artificial de grandes dimensiones  
Una cabra frenológica, (natural).  
Física y Química.  
Una caja con 115 frascos conteniendo producto químico.  
Una cuba hidrorenovatoria  
Una cámara fotográfica con sus accesorios  
Un aerómetro.  
Un telégrafo eléctrico pequeño y simplificado.  
Notas. Algunos de los mapas catalogados nos son propiedad del establecimiento pero lo facilitan cuando son necesarios los profesores que también prestan multitud de aparatos de Física y de Química.  
Otras. La cantidad consignada en presupuesto para material, que ha de invertirse en Octubre ó Noviembre próximo es este año de 300 pts.

Betanzos, de Septiembre de 1902

El Director:

José Joaquín L. Gómez Sánchez



COLEGIO PRIVADO  
DE SEGUNDA ENSEÑANZA.  
►BETANZOS►

Del método.

El profesorado propone emplear el método activo en todas las enseñanzas. El esfuerzo interior del educando se cree un factor indispensable para obtener un resultado favorable en la educación y cultura del mismo. En consonancia con esto se procura que el alumno se interese en la obra de su mejoramiento y, convencido del supremo interés de la labor educativa, ponga en tanto este de su parte en el desenvolvimiento y perfección de sus facultades psicosíricas. Para conseguir este resultado hayse, cuánlo es convenientemente posible, de toda enseñanza dogmática, mecánica y verbalista que, malando toda espontaneidad en el educando y privándole del goce que en cooperación intelectual y reflexiva lleva necesariamente de producirle, da por resultado una visión más bien de palabras que de ideas a las cuales corresponda algo real y positivo en la naturaleza, y a una educación que tiene más bien a confundir que una subanidad en raíces, que a ser una verdadera perfección del espíritu, la formación del carácter y la creación del ideal que ha de dovat la vida presente,

preparación de la futura.

Por lo demás, la intuición, tan justamente preconizada desde Pestalozzi, representa un papel muy interesante en el modo de dar la enseñanza. Hacer que los alumnos observen la naturaleza, las cosas, con preferencia a los signos que las representan; que trabajen y ejecuten todo aquello que no esté exclusivamente reducido al campo de la teoría, que dicurran sobre los datos adquiridos y formulen su pensamiento luego, bien de palabra ya por escrito, variando el orden de ver las cosas para evitar la rutina, ensanchar progresivamente el círculo de las ideas, es la tendencia general del profesorado, que prefiere emplear con preferencia la forma heráldica de enseñanza, sin desdenar por eso la meramente expositiva, aunque en forma de conversación familiar — una bien que de dimisión escrita como de ordinario a una multitud ausémina).

Esta idea general que prevalece en todo enseñanza, se ilustraría los procedimientos variados que es necesario luego adoptar en la transmisión de cada orden de convenciones, en relación con la naturaleza de las ideas que las forman y la trabajan: la gé-  
ra de los mismos, por una parte, y del con-  
veniente particular de los alumnos en cada caso y de la marcha del desarrollo intelectual, de la naturaleza humana, de la ob-

Betanzos 27 Sept 1902

El Director:

José Joaquín P. Gómez Sánchez

